- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
9	From A to B	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais dos textos propostos	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.	Interpretar os contidos dos textos propostos		
CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensible		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e as necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de writing e speaking		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Aplicar estratexias comunicativas		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensible		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas con achegas propias	TI	50
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe		
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Valorar a importancia da diversidade cultural		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de apreciación da diversidade lingüística e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.

Contidos

- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Cremos que para conseguir os obxectivos marcados debemos:

a) Insistir en que o vehículo de comunicación dentro da aula sexa a lingua inglesa xa que o feito de que o alumnado se vexa mergullado na lingua que está a aprender, potencia que as palabras que se lle activan na mente sexan nesa lingua e que o oído se acostume a dita lingua. Tamén favorece a aprendizaxe significativa. Somos conscientes de que algúns grupos da ESO procedente doutros centros nun principio poden encontrar dificultades para se expresar en inglés e para seguir as explicacións, polo que teremos que ser máis flexibles, sobre todo nas primeiras semanas de curso.

b) Poñer en práctica actividades motivadoras, interdisciplinares, contextualizadas, significativas e relevantes e a desenvolver situacións de aprendizaxe onde se considere o alumnado como un axente social autónomo e responsable do seu propio proceso de aprendizaxe. Evitar no posible a ensinanza maxistral, especialmente no que se refire ás explicacións gramaticais. Cando dicimos no posible é por saber que hai estruturas, temas gramaticais, conceptos, etc., que son máis difíciles de pór en práctica dende un punto de vista funcional. De todos xeitos, o que pretendemos é que xurda a necesidade de utilizar unha determinada estrutura, un determinado tempo verbal e propiciar a situación para que o alumnado sinta esa necesidade.

c) Potenciar a adquisición de novos contidos que lles permitan a enfrontarse a situacións novas. Cremos que é máis produtivo axudar aos alumnos/as a ver cales son os principios organizativos dunha lingua e os seus compoñentes para que estes lles sirvan para organizar e asimilar toda a información que reciben e canalizar a regras pola que se rexe a nova lingua. De aí que consideremos importante crear situacións comunicativas nas que o alumno ou alumna sinta a necesidade de recorrer á seu bagaxe de coñecementos, e outras nas que o alumnado non sexa capaz de resolver o problema proposto e xurda a dúbida e a necesidade de utilizar algo que aínda non está no seu rexistro. Por exemplo, ao comezo dunha unidade na que existe un tema novo, sería conveniente que o profesorado pedira ao alumnado que tente ver que é novo, que cren poder expresar, etc.

d) Pór todos os medios para que os coñecementos adquiridos non sexan obxecto de esquecemento. Para tal fin, a práctica debe ser máis intensiva nunha primeira fase para pasar a ser máis variada e espazada en fases posteriores de tal xeito que teremos que:

-Volver sobre o xa estudado. Temos que conseguir que sexan conscientes de que os coñecementos que adquiren non son compoñentes illados, senón facerlles ver como uns se imbrican nos outros para formar parte dun todo e como o estudado con anterioridade vaise expandindo.

- Axudar ao alumno/a a descubrir como aprende e de que maneira pode desenvolver e potenciar as estratexias para aprender..

- Axudar ao alumno/a a que estableza similitudes e diferenzas entre a materia nova e a xa estudada e interiorizada para poder refinar conceptos, aprender a discriminar e incorporar eses conceptos á súa estrutura cognoscitiva. A este respecto, cremos que a formulación de preguntas e a verbalización de conceptos é moi útil xa que permite descubrir se o estudado foi ben comprendido. Este tipo de exercicio é moi útil tanto na clase diaria como en controis, exames...

- Axudar ao alumno/a a autocorrexirse. A aprendizaxe é un proceso continuo e o erro forma parte inevitable da mesma. De aí que a corrección de erros forme parte inevitable da mesma xa que axuda ao alumnado a potenciar a súa capacidade e análise á vez que a consolidar os seus coñecementos. As veces o problema estriba, non tanto na equivocación como na inseguridade que o alumno ou alumna experimenta cando descoñece como funciona o mecanismo. De aí que consideremos de gran importancia que o alumnado aprenda a saber autocorrexirse (mediante un "Correcting Code" que se lles proporciona ao comezo do curso para que poida saber que tipo de erros cometeu), a aceptar a corrección e a opinión doutros alumnos da aula.

e) Potenciar a aprendizaxe cooperativa recurrido ao traballo en parellas e grupos heteroxéneos onde se faga intercambio de habilidades e ideas.

f) Facer uso de ferramentas dixitais, tanto para proporcionar contidos actualizados como ferramentas propias do ensino proceso-aprendizaxe, por exemplo, a Aula Virtual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto (Student Book e Workbook)
Fichas fotocopiabiles
Apuntamentos do docente
Gamificación
Plataforma virtual de aprendizaxe (Aula Virtual, páxinas web, etc.)
Presentación interactivas
Recursos DUA
Equipos informáticos (altavoces, pizarra dixital, ordenadores, internet, proxector, etc.)
Recursos audiovisuais auténticos

Os recursos e materiais utilizados serán variados, en formato dixital e analóxico. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons. Desta forma, os recursos e materiais empregados, como por exemplo o libro de texto, empregaránse como apoio ás

estratexias metodolóxicas para a consecución adecuada das unidades didácticas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial aplicarase ao comezo do proceso de ensinanza e aprendizaxe da materia para determinar o grao de competencia comunicativa de cada alumno/a. Desta forma detéctase a situación de partida do alumnado e as medidas a adoptar. Cada grupo realiza unha proba diagnóstica que consiste en:

- Proba de coñecementos sintáctico-discursivos e uso da lingua inglesa.
- Exercicio de produción escrita sobre temas persoais.
- Proba de comprensión auditiva.
- Entrevista e xogo que desenvolva a destreza lingüística oral (Find Someone Who, por exemplo).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	3	3	4	10	10	10	20	20	20	100
Proba escrita	55	55	65	55	55	55	60	55	50	55
Táboa de indicadores	45	45	35	45	45	45	40	45	50	45

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

Os seguintes son os criterios de cualificación do Departamento de Inglés:

Cada trimestre ten un peso diferente na nota final:

1ª avaliación: terá un peso do 10% da cualificación final.

2ª avaliación: terá un peso do 30% da cualificación final.

3ª avaliación: terá un peso do 60% da cualificación final.

En cada trimestre os exames teñen un peso do 70% da nota e o 30% restante serán calquera proba ou traballo que o profesor/a considere que debe realizarse durante o trimestre (proba comprensión do libro de lectura, exames curtos de práctica (seguemento da materia), probas de verbos, redaccións, intervencións orais na clase, traballos na aula virtual, etc.).

A) O 70% da nota dos exames divídese deste xeito na 1ª e 2ª avaliación:

1. COMPRENSIÓN ORAL (CA1.1 + CA1.2): 15%

Instrumentos de avaliación: cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro ou falso, preguntas de completar...

2. COMPRENSIÓN ESCRITA (CA1.1 + CA1.2): 55%

Instrumentos de avaliación: exercicios de completar (clozes), preguntas de relacionar, oracións para transformar...

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 30%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas / guía de corrección.

B) O 70% dos exames divídese deste xeito na 3ª avaliación:

1. COMPRENSIÓN ORAL (CA1.1 + CA1.2): 15%

Instrumentos de avaliación: cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro ou falso, preguntas de completar...

2. COMPRENSIÓN ESCRITA (CA1.1 + CA1.2): 45%

Instrumentos de avaliación: exercicios de completar (cloze), preguntas de relacionar, oracións para transformar...

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 25%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas / guía de corrección.

4. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.3): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas / guía de corrección.

O restante 30% da cualificación trimestral será a seguinte:

1. PRODUCCIÓN ESCRITA: probas de redaccións (20%), proba de seguimento da materia (60%).

Instrumentos de avaliación: exercicios de completar, oracións para transformar, rúbricas /guía de redacción.

2. INTERACCIÓN (CA1.6 + CA1.7) + MEDIACIÓN (CA1.8, CA1.9) + PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1, CA2.2, CA2.3) +

INTERCULTURALIDADE (CA3.1, CA3.2, CA3.3) (20%)

Instrumentos de avaliación: observación directa do traballo na clase e seguimento do traballo fóra da aula.

Durante a segunda avaliación e terceira avaliación a ponderación da produción escrita variará por mor da inclusión do libro de lectura (All About Britain) Do mesmo modo, na terceira avaliación incluírase unha proba de verbos, quedando da seguinte maneira:

Segunda avaliación:

1. PRODUCCIÓN ESCRITA: probas de redaccións (20%), proba de seguimento da materia (30%), libro de lectura (30%).

Instrumentos de avaliación do libro de lectura: exercicios de relacionar, exercicios de completar, identificación de personaxes, preguntas de verdadeiro ou

falso...

2. INTERACCIÓN (CA1.6 + CA1.7) + MEDIACIÓN (CA1.8, CA1.9) + PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A

APRENDIZAXE (CA2.1, CA2.2, CA2.3) +

INTERCULTURALIDADE (CA3.1, CA3.2, CA3.3) (20%)

Instrumentos de avaliación: observación directa do traballo na clase e seguimento do traballo fóra da aula.

Terceira avaliación:

1. PRODUCCIÓN ESCRITA: probas de verbos (10%), probas de redaccións (10%), proba de seguimento da materia (30%), libro de lectura (30%).

Instrumentos de avaliación do libro de lectura: exercicios de relacionar, exercicios de completar, identificación de personaxes, preguntas de verdadeiro ou

falso...

2. INTERACCIÓN (CA1.6 + CA1.7) + MEDIACIÓN (CA1.8, CA1.9) + PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1, CA2.2, CA2.3) +

INTERCULTURALIDADE (CA3.1, CA3.2, CA3.3) (20%)

Instrumentos de avaliación: observación directa do traballo na clase e seguimento do traballo fóra da aula.

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

A media ponderada das tres avaliacións parciais calcularase coa nota real de cada unha delas, sen redondeos. Isto podería ocasionar que a nota final do curso fose inferior á da terceira avaliación parcial.

As cualificacións finais poderán redondearse a partir do 0.75.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas. A cualificación final será o resultado da ponderación final das tres avaliacións xa mencionado nos criterios de cualificación (1ª avaliación: 10%, 2ª avaliación 30%, 3ª avaliación: 60%).

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita e oral ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

1. COMPRENSIÓN ORAL (CA1.1 + CA1.2) 15%

Instrumentos de avaliación: cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro ou falso, preguntas de completar...

2. COMPRENSIÓN ESCRITA (CA1.2 + CA1.3): 45%

Instrumentos de avaliación: exercicios de completar, preguntas de relacionar, oracións para transformar...

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 25%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas / guía de corrección.

4. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.3): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas / guía de corrección.

Se un alumno/a ten aprobado o apartado de produción oral xa na terceira avaliación pode optar por gardar esa

cualificación e non repetir a proba oral na recuperación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas a adoptar tras os resultados e observacións de serán:

Secuenciacións de criterios de avaliación previstos en función dos perfiles dos alumnos

Afianzamento dos contidos mínimos

Favorecemento do desenvolvemento das competencias claves.

Aspectos metodolóxicos: traballos cooperativos, priorización dos procedementos.

Tarefas secuenciadas en pequenos pasos e distintos niveis de dificultade.

Variedade de tarefas e actividades, orais, escritas, creativas, abertas e favorables a distintos ritmos de aprendizaxe.

Actividades de reforzo e ampliación. Así, as unidades de repaso do Workbook proporcionan unha variedade de actividades de reforzo; as historias opcionais do Student's Book, pola súa parte, axudarán os alumnos máis adiantados a afondar nas destrezas básicas.

Organización: Ubicación de distintos tipos de distribución en función do tipo de actividade a realizar.

Distintos espazos, agrupamentos e actividades dentro da aula; agrupamentos heteroxéneos e homoxéneos; tutorización entre iguais, traballos en pequeno grupo, fomento de experiencias de aprendizaxe cooperativo.

Temporalización: Previsión de tempos en función dos ritmos de aprendizaxe, con tempo para traballos en pequenos grupos, para atención individualizada, etc.

Fomento do uso de materiais que atendan á diversidade da aula con apoio visual, motivador, etc. Deben ser variados: libros de consulta, textos, exercicios de reforzo e ampliación, gráficas, mapas, material audiovisual.

Adaptacións nos procedementos e instrumentos de avaliación:

Uso de diversos instrumentos: análise de tarefas, observación sistemática, libretas, probas escritas e orais, priorizando a auto corrección e a auto avaliación; e que sirvan tanto para avaliación formativa como sumativa.

Adaptación Curricular Individualizada (ACI): As posibles adaptacións curriculares estarán precedidas dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado e a conseguinte proposta curricular específica. Realizaranse conxuntamente co Departamento de Orientación e buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades do alumnado. A avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X				X	X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X				X	X
ET.7 - Emprendemento social e empresarial		X			X			
ET.8 - Creatividade			X				X	X
ET.9 - Educación de calidade			X					
ET.10 - Igualdade de xénero			X		X		X	X
ET.11 - Educación para a saúde e o benestar	X			X		X		
ET.12 - Producción e consumo responsabéis				X	X	X		
ET.13 - Fin da pobreza						X		X
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres		X						

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	

	UD 9
ET.7 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.8 - Creatividade	
ET.9 - Educación de calidade	
ET.10 - Igualdade de xénero	
ET.11 - Educación para a saúde e o benestar	X
ET.12 - Produción e consumo responsabéis	
ET.13 - Fin da pobreza	
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres	X

Observacións:

No ambiente da aula, e en todas as tarefas da materia:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Tanto os contidos como os instrumentos propios da disciplina, son axeitados para traballar as liñas trasversais do curriculum.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Actividade teatral	Compañía teatral que representaba obras de teatro en inglés
Intercambio en liña cun centro escolar de Estados Unidos (Pen Pal)	Actividade voluntaria ofertada a todo o alumnado da ESO e de 1º de bacharelato
Scary Picture Contest	Actividade ofertada a todo o alumnado da ESO e de 1º de bacharelato para celebrar a festividade de "Halloween"

Observacións:

Os profesores de linguas poden desenvolver as competencias comunicativas mediante actividades que supoñan un estímulo, xa que unha lingua adquirese e domínase con maior facilidade cando se utilizan elementos que axudan ao labor comunicativa e intensifican o desexo de compartir e ampliar experiencias, especialmente aquelas experiencias que se levan a cabo fora do horario escolar. Lamentablemente, aínda que noutros anos contamos cunha compañía teatral que representaba obras de teatro en inglés, tivemos que deixar de facelo: o custe, a carga do alumnado, e máis a obrigatoriedade de asistir o 60% de cada grupo facían inviable tal iniciativa. Porén, non se descarta retomar esta actividade.

O intercambio en liña cun centro escolar de Estados Unidos, South Elgin High School será ofertado a tódolos cursos da ESO e 1º de Bacharelato coma sempre, con carácter voluntario. As actividades que imos realizar serán correspondencia (Pen Pal) via email e desenvolver pequenos proxectos no que o alumnado indagará sobre distintas cuestións interdisciplinares: xeografía, arte, historia, arquitectura, economía e costumes do lugar onde viven para facer unha exposición oral en inglés e compartila en vídeo ou videoconferencia co alumnado norteamericano. Para este proxecto contamos coa estreita colaboración da Auxiliar de Lingua Estranxeira, nativa británica que asesorará sobre a produción lingüística do noso alumnado e aspectos culturais dos seus compañeiros estranxeiros.

Tamén volveremos organizar o Scary Picture Contest, ofertado a a tódolos cursos da ESO e 1º de Bacharelato na nosa AV, este ano sendo a nosa terceira edición. Tentamos así dar cabida á creatividade, interculturalidade e pensamento crítico.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación das actividades ao nivel do alumnado.
Propoño actividades de reforzo e ampliación.
Uso diversos instrumentos de avaliación.
Uso actividades variadas tendo en conta a atención á diversidade.
Combino traballo individual, en parellas e en grupos encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Presento actividades para detectar coñecementos previos de cada unidade.
Emprego dispositivos vaudiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.
Corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe

Descrición:

Profesorado e alumnado responderán a un cuestionario a final de curso con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe. O grao de consecución será:

- Sempre
- As veces
- Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Realízanse reunións de departamento periódicas para analizar a elección do material didáctico; preparación de medios audiovisuais; a previsión de datas satisfactorias para a realización de probas e actividades, tanto ordinarias como extraordinarias, e análise dos resultados. Tamén se coordina o desenvolvemento de tarefas nos distintos grupos dun mesmo nivel.

Nesas reunións discútense eventuais propostas de revisión da programación didáctica en relación con novos grupos, novas ensinanzas, novos programas implantados no centro, axustes de secuenciación e temporalización dos contidos en xeral ou con referencia a un nivel ou etapa específica, etc.

Asemade, revísase a secuencia e temporalización dos contidos cando se dan circunstancias que o aconsellen, e polo menos unha vez por mes.

Asegurar que os instrumentos de avaliación son os axeitados, son coñecidos polo alumnado e as súas familias na súa estrutura e tipoloxía e que o seu contido concorda ó 100% coa materia a avaliar.

Revísanse os obxectivos e contidos recollidos na programación coa finalidade de adecualos á realidade da aula e de manter un ritmo de aprendizaxe común nos distintos grupos. Ditos cambios quedarán resinados nas actas das reunións de departamento.

A memoria final (tanto a dixital coma a analóxica) recollerá as posibles modificacións introducidas na programación ao longo do curso e os motivos para introducilas.

9. Outros apartados